



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN NA CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE AVALIACIÓN A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO CENTRO DE DÍA DE PORTO DO SON.

1) Condicions xerais.

Este prego, que ten carácter de documento contractual, constitúe o conxunto de normas, instrucións e especificacións que, xunto co prego de prescricións técnicas particulares, rexerán na contratación, cumprimento e extinción do contrato.

Tamén teñen a consideración de documentación contractual e forman parte integrante do contrato, ademais do documento administrativo de formalización e do prego de cláusulas administrativas particulares, o prego de prescricións técnicas particulares e as ofertas técnica e económica do adxudicatario.

No caso de contradición entre o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas prevalecerá o primeiro.

2) Obxecto do contrato. Necesidades administrativas a satisfacer.

O presente contrato ten por obxecto a xestión do Centro de Día de Porto do Son na modalidade de concesión, consonte ao previsto nos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas particulares e ás ordes da Administración dadas ao concesionario en execución do contrato.

De acordo coa nomenclatura CPA- 2002 ao contrato correspónelle a codificación 85.32.1 e, de acordo coa nomenclatura CPV, a codificación 85312100-0.

A realización das prestacións obxecto do contrato resulta imprescindible para a prestación do servizo público de atención diúrna ás persoas en situación de dependenza.

3) Natureza do contrato.

O presente contrato, de conformidade co establecido no art. 8 TRLCSP, ten a natureza de contrato administrativo de xestión de servizo público, na modalidade de concesión, de modo que o contratista xestionará o servizo ao seu risco e ventura.

Atendendo ao seu orzamento, non se trata dun contrato suxeito a regulación harmonizada.

4) Orzamento do contrato.

1.- O orzamento de licitación máxmo do contrato establecese en 2.017.920 euros, IVE incluído, cuantificado tendo en conta que a duración do contrato é de 4 anos, que o prezo máximo por usuario e mes (incluíndo estancia, manutención e transporte de longo percorrido) se establece en 1.051,00 euros, IVE incluído, e que o número máximo de usuarios do Centro de Día é de 40.

O valor estimado do contrato é de 1.834.472,73 euros, resultado de detraer do orzamento de licitación do contrato o IVE (10%).

Corresponde ao concepto de Imposto sobre o Valor Engadido un importe de 183.447,27 euros.

2.- O sistema de determinación do prezo do contrato é por prezos unitarios, segundo o cadre de prezos unitarios de licitación detallado na cláusula 10^a do Prego de prescricións técnicas particulares (Anexo I).

5) Retribución do concesionario.

A retribución do concesionario consistirá:

- a) Nas tarifas que os usuarios do servizo aboaranlle directamente ao concesionario.
- b) A subvención do concello que deberá cubrir a diferencia entre o recadado do usuario e o prezo unitario ofertado polo concesionario.

Para o cálculo e posterior liquidación da subvención ao prezo deberá terse en conta que se facturará mensualmente en función das prazas efectivamente ocupadas. A factura deberá presentarase dentro do mes seguinte ao período de referencia e deberá achegar un anexo conformado polo/a director/a do centro no que detallen os usuarios do mes por categoría de servizo, indicando para os relativos a unha estancia inferior á media xornada, os días de estancia efectiva, xunto co total de prezo a retribuír ao concesionario, distinguindo a facturación recibida dos usuarios e a que se debe facturar ao concello.

A subvención por usuario ten por obxecto garantir o equilibrio económico da concesión, sen prexuízo do risco e ventura que debe asumir, en todo caso, o concesionario. En calquera caso, non procederá o pagamento de subvención polo concello cando o beneficio do contratista sexa superior ao 6% medido como porcentaxe do resultado neto despois de impostos entre os ingresos do servizo. A dita porcentaxe detraerase da conta de explotación que presente anualmente o concesionario. No caso de que o seu beneficio pola xestión do centro de día supere a dita porcentaxe deberá reintegrar a subvención do exercicio correspondente ao concello, co límite de que esa minoración non poderá supor un beneficio inferior ao 6%.

6) Financiamento. Revisión de prezos.

1.- Para atender as obrigas económicas que poidan derivar deste contrato para o Concello de Porto do Son exixe crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 233.47200 dos Orzamentos Xerais do Concello de Porto do Son correspondentes aos anos 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017 sendo de aplicación o réxime previsto nos artigos 174 e seguintes do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 79 e seguintes do RD 500/1990, do 20 de abril.

O gasto correspondente aos exercicios seguintes ao de 2013 subordínase a existencia de crédito axeitado e suficiente nos Orzamentos correspondentes a cada exercicio. As anualidades máximas teñen a seguinte distribución:

- 2013: 27.479,28 €
- 2014: 55.659,28 €
- 2015: 57.078,59 €
- 2016: 58.534,10 €
- 2017: 29.635,51 €

2.- De conformidade co artigo 89 TRLCSP o presente contrato, está suxeito á revisión de prezos, que se aplicará sobre os prezos unitarios ofertados polo concesionario. En ningún caso se poderá revisar o prezo do contrato ata en tanto non se executase alomenos o 20 por cento do seu importe e transcorrerá un ano dende a súa formalización. Deste xeito nin a porcentaxe do 20 por cento do prezo do contrato nin o primeiro ano de execución, contado desde a formalización, poden ser obxecto de revisión.

A revisión de prezos efectuarase mediante a aplicación do IPC interanual referido á data de adxudicación, se esta se produce no prazo de 3 meses dende o fin do prazo de presentación de ofertas. Noutro caso, considerarase a data na que finalice ese prazo, se a adxudicación é posterior. De conformidade co artigo 90.3 TRLCSP, a revisión non poderá superar o 85 por cento da variación experimentado polo dito índice.



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

Os licitadores poderán ofertar a redución ou exclusión da revisión de prezos do contrato.

7) Duración do contrato.

O prazo de execución do contrato fíxase en catro (4) anos, a contar desde o día seguinte ao de formalización do contrato, sen posibilidade de prórroga.

8) Procedemento de adxudicación. Órgano de contratación.

O contrato adxudicarase mediante procedemento procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, de acordo co establecido nos arts. de acordo co establecido nos artigos 138 e 157 e seguintes TRLCSP.

Na tramitación do expediente aplicarase o trámite de urxencia, segundo o previsto nos arts. 28 e 112 TRLCSP.

O órgano de contratación é o Pleno da Corporación do Concello de Porto do Son. Este órgano ten facultade para adxudicar o contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxección á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

9) Capacidade para contratar.

Poderán concorrer á presente licitación, por si ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Así mesmo, os empresarios licitadores deberán estar inscritos no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais dependente da Consellería da Xunta de Galicia competente en materia de servizos sociais na área de maiores, segundo o previsto no Decreto 254/2011, do 23 de decembro.

Poderán presentar ofertas unións de empresarios áinda que a unión temporal de empresas non se formalizase en escritura pública. Non obstante, para o caso de resultar adxudicataria, deberán proceder a tal formalización no prazo máximo de quince días naturais a contar desde a notificación da adxudicación do contrato.

10) Proposicións: lugar e prazo de presentación.

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no rexistro xeral do Concello de Porto do Son no prazo de quince (15) días naturais contados desde o seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no BOP, en horario de 09:00 a 14:00 horas, e en sobres pechados.

A súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das cláusulas deste prego e máis do de prescriccóns técnicas particulares sen reserva de ningún tipo.

No exterior dos sobre que conteñan as proposicións figurará a licitación á que se concorre e irán asinálos polo empresario ou persoa que o represente, e coa documentación que se indica nos apartados seguintes.

Cando as proposicións se remitan por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da proposición mediante comunicación telegráfica, fax ou telefax o mesmo día da presentación. Sen a concorrencia deste requisito non será admitida a proposta. Non obstante, transcorridos dez días desde a data da comunicación referida sen ter recibido a documentación, esta non será admitida.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal de empresas se o fixo individualmente nin formar parte de máis dunha unión temporal de empresas. A infracción destas normas dará lugar ao rexeitamento de tódalas proposicións que subscribise.

11) Proposicións: documentación.

1.- As proposicións presentaranse en tres (3) sobres numerados correlativamente. No exterior dos sobres faranse constar os datos identificativos do licitador, o número do rexistro oficial de licitadores no que estea inscrito, se é o caso, e a lenda "Xestión do Centro de Día de Porto do Son".

A documentación presentarase do xeito que a seguir se indica nos apartados seguintes.

2.- **Sobre número 1, titulado “Documentación xeral”:** Conterá a documentación que se indica, facendo constar, dentro do sobre e en folla independente, un índice dos documentos que se xuntan:

A) Documentos acreditativos da personalidade xurídica do empresario:

A.1) Empresario individual: copia autenticada do NIF ou pasaporte.

A.2) Persoas xurídicas:

- Escritura de constitución ou modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

Se non for esixible a inscrición no Rexistro Mercantil deberán presentar escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso no correspondente Rexistro Oficial.

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A.3) Empresarios non españois de Estados Membros da Unión Europea.

A capacidade de obrar acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresarios non españois de Estados signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acuerdo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición Adicional 14 TRLCSP).

A.5) Empresarios de Estados non comunitarios.

Acreditarán a súa capacidade de obrar mediante informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa. No referido informe farase constar que o Estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

A.6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdicción de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdicción dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante [art. 146.1 e) TRLCSP.]

B) Compromiso de constitución dunha unión temporal de empresas (UTE).

Para o caso de que varios empresarios concorran agrupados en unión temporal, deberán aportar un documento, en escritura pública ou privada, na que se comprometan, para o caso de resultar adjudicatarios, a constituir unha unión temporal de empresas. Este documento deberá asinarse polos representantes de cada unha das empresas e nel indicarase a participación que corresponda a cada empresa na UTE e designarase un representante da UTE ante a Administración para todos os efectos relativos ao contrato.

C) Documentos acreditativos da representación:

Cando a proposición non sexa asinada polo licitador deberá acompañarse copia de poder notarial suficiente para representar ao licitador en cuxo nome se concorre verificado pola Secretaría do Concello, pola Avogacía do Estado ou pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia. Así mesmo, xuntarase copia autenticada do NIF do representante.

D) Documentación acreditativa da solvencia financeira e técnica e profesional.

Os licitadores acreditarán a súa solvencia financeira e técnica e profesional mediante a presentación da documentación que se indica nos apartados seguintes.

D.1) Solvencia financeira:

Os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira por calquera dos medios a que se refire o art. 75 da TRLCSP.

Para o caso de achegar xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais, o importe das indemnizacións previstas será alomenos igual ao orzamento de licitación do contrato.

D.2) Solvencia técnica e profesional:

Poderá acreditarse por calquera dos medios que se indican a continuación:

a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e o destinatario público ou privado dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falla deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, dos que se dispoña para a execución do contrato, especialmente os encargados do control de calidade;

c) As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.

d) Declaración sobre o cadre de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondentes.

E) Acreditación de atoparse debidamente inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, dentro da área de maiores, segundo o disposto no Decreto 254/2011, do 23 de decembro.

F) Subcontratación.

No seu caso, os licitadores deberán achegar documentación que xustifique a parte do contrato que teñan previsto subcontratar, sinalando o seu importe, e o nome ou o perfil do empresario, definido por referencia as condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización (art. 227.2.a) TRLCSP). Non obstante, a subcontratación requirirá da previa autorización do Concello de Porto do Son.

G) Prohibicións de contratar e cumprimento das obrigas tributarias:

Declaración responsable de non estar incuso o licitador en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades e sobre o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social axustado ao modelo recollido no ANEXO II deste prego.

A presentación desta declaración non exime ao empresario proposto para a adxudicación de presentar a documentación acreditativa do cumprimento destas obrigas ao obxecto de adxudicar o contrato.

H) Documentación para a preferencia na adxudicación.

Os licitadores que desexen acollerse ao dereito de preferencia na adxudicación do contrato previsto na Disposición Adicional 4ª TRLCSP deberán achegar copia dos contratos de traballo e documentos de cotización á Seguridade Social dos traballadores con discapacidade.

Domicilio para notificacións:

Sinalarase un enderezo para a práctica de notificacións e senllos números de teléfono e fax (opcional: enderezo de correo electrónico), axustándose ao modelo do ANEXO II.

I) Rexistros oficiais de licitadores:

Os licitadores poderán achegar certificación ou copia autenticada da inscrición no rexistro oficial de licitadores do Estado, da Comunidade Autónoma de Galicia ou do rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña, cunha antigüidade máxima de seis meses, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos a que se refiren os apartados A.1 ou A.2, C, G e H.

I) Cesión de información:

Autorizarase ao Concello de Porto do Son para a cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación, seguindo o modelo do ANEXO II.

3.- Sobre número 2, titulado “Criterios dependentes dun xuízo de valor”: conterá a documentación relativa aos criterios de adxudicación non availables automaticamente:

- **Memoria de xestión:** o licitadores presentarán unha memoria na que se describan as súas proposta para o mellor cumprimento do obxecto do contrato e para a satisfacción das necesidades que o motivan, de acordo co previsto nos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas particulares, xustificándoas e detallando os diversos factores que se deban tener conta. A memoria non terá una extensión superior a 20 páxinas en formato papel A4.

4. Sobre número 3, titulado “Criterios availables automaticamente”: conterá a seguinte documentación:

- Plan económico- financeiro da concesión detallando a xustificación dos ingresos e gastos de explotación proxectados, en base á estrutura de custos e ingresos e a previsión da demanda. Achecharase, asemade, a previsión da conta de perdas e ganancias, indicando os resultados de explotación, financeiro, antes de impostos e o neto. Finalmente, deberá calcularse, por un lado, a



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

porcentaxe entre o resultado de explotación e os gastos de explotación para cada ano e para o período completo da concesión e, por outro, a porcentaxe entre o beneficio neto despois de impostos e os ingresos do servizo. Estes ratios calcularanse tendo en conta os valores actuais netos dos resultados e dos ingresos e gastos de cada un dos anos da concesión.

- A oferta económica dos custos unitarios de prestación do servizo segundo o modelo recollido no ANEXO III, indicando de maneira independente o importe correspondente ao IVE.

5.- Se algún licitador non achega a documentación relativa a algún dos criterios de adxudicación aos que se refire este apartado, ou a mesma non contén todos os requisitos esixidos nesta cláusula, non se valorará a proposición en relación ao criterio de que se trate.

6.- Os licitadores, sen prexuízo do establecido no TRLCSP sobre a información que debe proporcionárselle aos licitadores e a publicidade da adxudicación, poderán designar como confidencial parte da información facilitada ao formular as ofertas, en especial no relativo ao segredo técnico ou comercial e aos aspectos confidenciais da oferta.

7.- A Administración resérvase a facultade de comprobar en calquera momento a veracidade das condicións e requisitos alegados, ben antes da adxudicación do contrato, ben durante a súa vixencia, podendo realizar tal comprobación por si mesma, ou mediante petición ao licitador ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios.

A falsidade ou inexactitude dos datos provocará o rexeitamento da oferta ou, no seu caso, a resolución do contrato, con perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidades e indemnizacións que de tal feito se deriven.

12) Documentación orixinal e copias.

Os documentos que se acompañen ás proposicións poderán ser orixinais ou copias, autenticadas ou sen autenticar. Neste derradeiro suposto, os licitadores responderán da autenticidade da documentación aportada, sen prexuízo de que o Concello poida requirir ao licitador a presentación de orixinais ou copias autenticadas.

13) Garantías.

Non se esixe a presentación de garantía provisional.

O licitador proposto para a adxudicación do contrato deberá prestar unha garantía de **69.556,36 euros** (cinco por cento do prezo do contrato), excluído o IVE.

14) Criterios de adxudicación.

Os criterios para a adxudicación do contrato e a súa ponderación, sobre un total máximo de 50 puntos, son os que se describen a continuación:

a) Criterios availables automaticamente.

1. **Prezo:** valorarase cun máximo de 21 puntos, empregando a fórmula matemática " $P= 30 \times Of M / Of L$ ". Sendo "P" a puntuación total; "Of M" a mellor oferta das presentadas polos licitadores; "Of L" a oferta presentada polo licitador que se valora.

A valoración do factor "prezo" desglósase como segue:

- a) Estancia a xornada completa: ata 5 puntos.
- b) Estancia a media xornada: ata 4 puntos.
- c) Manutención: ata 3 puntos.

d) Estancia inferior a media xornada: ata 3 puntos.

e) Transporte de curto percorrido: ata 3 puntos.

f) Transporte de longo percorrido: ata 2 puntos.

2. Melloras: valoraranse cun máximo de 9 puntos, consonte ao seguinte detalle:

a) Prestación gratuíta dos servizos de podoloxía: 3 puntos.

b) Prestación gratuíta do servizo de perruquería, comprendendo, alomenos un servizo mensual por usuario de corte e peiteado de cabelo: 3 puntos.

c) Organización gratuíta de alomenos dúas actividades de carácter sociocultural ou lúdico ao semestre para os usuarios: 3 puntos.

b) Criterios non avaliables automaticamente:

1. Calidade da solución proposta segundo a memoria de xestión: valorarase cun máximo de 20 puntos.

A valoración deste criterio efectuarase tendo considerando especialmente os seguintes aspectos:

- a calidade técnica e o nivel de concreción da proposta de organización do servizo;
- a eficiencia na utilización do equipamento e bens facilitados polo concello para a prestación do servizo;
- a eficiencia na xestión do servizo público;

A puntuación atribuirase en función do informe de valoración elaborado polos técnicos competentes do Concello de Porto do Son. De ser o caso, poderá recabarse a colaboración doutras Administracións para a avaliación deste criterio.

Consonte ao establecido pola Disposición Adicional 4ª TRLCSP, en caso de igualdade entre as proposicións más vantaxosas terán preferencia na adxudicación as empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu cadro de persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%. Para o caso de que varias empresas das que empataran en canto á proposición más vantaxosa acreditasen ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2%, terá preferencia o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade.

15) Admisión e rexitamento de proposicións.

As proposicións que non garden concordancia coa documentación examinada e admitida, excedan do orzamento base de licitación ou non se axusten ao establecido neste prego serán rexitadas motivadamente.

O órgano de contratación terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición más vantaxosa ou declarar deserta a licitación, motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación.

16) Criterios para a consideración de que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados.

Considerarase que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados no referido ao factor "prezo" nos supostos contemplados no art. 85 do Regulamento xeral da LCAP.

Cando se considere anormal ou desproporcionada unha oferta darase audiencia ao licitador e procederase segundo o previsto no art. 152 TRLCSP. Para o caso de que o órgano de contratación estime que a oferta non pode ser cumplida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, acordará a adxudicación a favor da seguinte oferta máis vantaxosa.



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n, 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

17) Obriga de confidencialidade. Protección de datos de carácter persoal.

1.- Os licitadores, sen prexuízo do establecido na TRLCSP sobre a información que debe proporcionárselle aos licitadores e a publicidade da adxudicación, poderán designar como confidencial parte da información facilitada ao formular as ofertas, en especial no relativo ao segredo técnico ou comercial e aos aspectos confidenciais da oferta.

O contratista deberá respectar o carácter confidencial da información á que acceda na execución do contrato e á que se lle outorgase esa natureza no contrato ou que, pola súa propia natureza deba ser tratada como tal.

2.- O adxudicatario e o persoal ao seu servizo deberán cumplir a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

De xeito sinalado, o contratista e os seus empregados deberán gardar segredo profesional respecto dos datos de carácter persoal dos que poidan ter coñecemento por razón da prestación do contrato. Esta obriga subsistirá logo do remate do contrato, de acordo co previsto no art. 10 da LO 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

O contratista deberá informar ao seu persoal das obrigas en materia de protección de datos no desenvolvemento das súas funcións, en especial as derivadas do deber de segredo, respondendo aquel das infraccións nas que os seus empregados puidesen incorrer.

18) Procedemento de adxudicación.

1.- Mesa de contratación.

A Mesa de contratación estará composta, segundo o establecido na Disposición Adicional 2ª, polos seguintes membros.

- presidente: o Alcalde- Presidente da Corporación ou concelleiro no que delegue;
- vogais: o secretario, a interventora, a concelleira de economía e o concelleiro de promoción económica e unha traballadora social.
- secretario: un funcionario da Corporación.

2.- Cualificación da documentación xeral.

Concluído o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de contratación procederá á cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores contida no sobre nº 1. Se observase defectos materiais na documentación presentada, notificarallo por fax ao licitador correspondente, deixando constancia da notificación no expediente, e concedéndolle un prazo non superior a tres días hábiles para que proceda á emenda dos erros indicados.

Se a documentación dun licitador contivese defectos substanciais ou deficiencias materiais non subsanables, non será admitido á licitación.

Á marxe da subsanación a que se refire o parágrafo anterior, a Mesa de contratación, a efectos de completar a acreditación da solvencia dos licitadores, poderá solicitar destes as aclaracións que estime oportunas sobre as certificacións e documentos presentados, así como requirilos para a presentación doutros documentos complementarios, requerimento que deberá ser cumprimentado no prazo máximo de tres días hábiles e sempre antes da declaración de admisión das proposicións.

3.- Apertura de proposicións e proposta de adxudicación.

A Mesa de contratación, unha vez cualificada a documentación do sobre nº 1 e declarada a admisión de licitadores, convocará o acto de apertura pública do sobre nº 2 (Criterios dependentes dun xuízo de valor) dos licitadores admitidos.

O acto público de apertura de proposicións non availables automaticamente terá lugar nun prazo de 5 días a contar desde a apertura do sobre nº 1 e a convocatoria publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación cunha antelación mínima de 2 días a súa celebración no perfil do contratante e no taboleiro de anuncios do Concello de Porto do Son.

Logo da avaliación dos criterios de adxudicación non cuantificables automaticamente, nun prazo máximo de 5 días, terá lugar o acto público de apertura do sobre nº 3 (Criterios availables automaticamente). Nesa sesión, constituída a Mesa de contratación e antes da apertura de proposicións, o presidente dará conta da ponderación acada polos licitadores no referido aos criterios de adxudicación non availables automaticamente.

A Mesa de contratación, tras solicitar, no seu caso, os informes técnicos que estime oportunos, clasificará as propostas dos licitadores por orde decrecente de puntuación e elevará ao órgano de contratación a proposta de adxudicación razoada que estime adecuada, que incluirá en todo caso a ponderación dos criterios indicados no presente prego, acompañada das actas das súas reunións e da documentación xerada nas súas actuacións e, no seu caso, dos informes emitidos. Dita proposta non crea dereito algúns a favor do licitador proposto fronte ao concello (art. 160.2 TRLCSP).

4.- Documentación a presentar para a adxudicación.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presente a oferta economicamente más vantaxosa para que, dentro do prazo de **dez (10) días hábiles**, a contar desde o seguinte a aquel en que recibe o requerimento, presente a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato, e de constituir a **garantía definitiva** que sexa procedente por valor do **5%** do importe de adxudicación, excluído IVE.

De non cumplimentarse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

a) **Garantía definitiva:** a garantía definitiva poderá constituírse en metálico, mediante aval, en valores públicos ou en valores privados, por contrato de seguro de caución, na forma e condicións establecidas nos artigos 55 e seguintes do Regulamento xeral da LCAP.

Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

b) **Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social:** a acreditación de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias realizarase presentando a seguinte documentación, de acordo cos artigos 13 e 15 do Regulamento Xeral da LCAP:

- De ser o caso, último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta no mesmo, cando esta sexa recente e non xurdira aínda a obrigación de pago. A alta deberá aportarse en todo caso cando no recibo non conste o epígrafe da actividade. Esta documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do contrato que lles faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen, debendo complementarse cunha declaración responsable do licitador de non terse dado de baixa na matrícula do citado Imposto.
- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración do Estado, polo que respecta ás obligacións tributarias con este último.
- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Xunta de Galicia, polo que respecta ás obligacións tributarias coa Administración Autonómica Galega.

O licitador que non estea obrigado a presentar todas ou algunha das declaracions ou documentos correspondentes ás obrigas tributarias que se relacionan no artigo 13 do Regulamento Xeral da LCAP, deberán acreditalo mediante declaración responsable.



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

A inexistencia de débedas tributarias co Concello de Porto do Son verificarase de oficio pola administración municipal.

A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións coa Seguridade Social efectuarase mediante certificación expedida pola autoridade administrativa competente. No suposto de que deba terse en conta algunha exención, acreditarase tal circunstancia mediante declaración responsable.

As certificacións a que se refiren as cláusulas anteriores deberán ser expedidas de acordo co disposto no artigo 15 do Regulamento Xeral da LCAP .

Os estranxeiros, sexan persoas físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar certificación expedida por autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das correspondentes obligacións tributarias. Así mesmo, haberán de presentar certificación, tamén expedida por autoridade competente, na que se acredite que están ao corrente no cumprimento das obligas sociais que se esixan no país da súa nacionalidade. Toda a documentación relacionada neste apartado haberá de referirse aos doce últimos meses.

19) Adxudicación.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación á que se refiren os artigos precedentes. A adxudicación será motivada, notificarase ós licitadores e publicarase no perfil do contratante.

Non poderá declararse deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que resulte admisible de conformidade cos criterios que figuran nos prego.

O prazo máximo para efectuar a adxudicación do contrato será de dous meses a contar desde a apertura das proposicións.

20) Formalización do contrato.

O adxudicatario queda obrigado a subscribir, dentro do prazo de 15 días hábiles a contar desde o seguinte á data de recepción da notificación da adxudicación, o documento administrativo de formalización do contrato.

Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á firma do contrato, deberá aportar escritura pública de constitución como tal (art. 59 TRLCSP).

O contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo á súa costa os gastos derivados do seu outorgamento.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a previa formalización do mesmo.

21) Dereitos do adxudicatario.

O contratistas terá os seguintes dereitos:

- a) A percibir o prezo do contrato consonte ao disposto neste prego e no TRLCSP.
- b) Á revisión de prezos nos termos descritos na cláusula 5ª deste prego.
- c) A oír e ser oído sobre as observacións que se formulen en relación co cumprimento da prestación contratada.

- d) Á devolución da garantía definitiva, unha vez executado o contrato, aprobada a súa liquidación e transcorrido o prazo de garantía sen que resultasen responsabilidades que houbesen de facerse efectivas sobre a mesma.
- e) Á resolución do contrato polas causas previstas nos artigos 223 e 286 TRLCSP, cos efectos previstos nos artigos 225 e 288 TRLCSP.
- f) A percibir indemnizacións polos danos e prexuízos derivados da resolución do contrato polo incumprimento do concello.

22) Cumprimento do contrato.

1.- O contratista, ademais das obrigas xerais establecidas na normativa que reguladora do contrato de xestión de servizos públicos e más das establecidas no prego de prescripcións técnicas particulares, deberá cumplir as seguintes:

- a) Executar o contrato con suxección ao establecido neste prego, no de prescripcións técnicas particulares, á oferta do contratista e de acordo coas ordes do órgano de contratación.
- b) Coidar a boa orde do servizo, podendo ditar as instrucións oportunas, sen prexuízo dos poderes de policía atribuídos ao concello.
- c) Indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen, por si ou polo persoal ou medios dependentes, a terceiros como consecuencia das operacións requiridas para a execución do contrato.

Así mesmo, será responsable dos danos, deterioracións ou menoscabos causados aos bens de titularidade municipal durante a execución do contrato.

d) Asumir os seguintes gastos:

- o dos anuncios e de cantos outros gastos se ocasionen con motivo dos actos preparatorios e de formalización do contrato ata o límite fixado neste prego;
- os dos tributos, prezos públicos, dereitos e exaccións aplicables con ocasión ou como consecuencia da do contrato ou da súa execución;
- os de comprobación, dirección, inspección e liquidación do contrato;
- os das subministracións precisas para a execución do contrato (electricidade, combustible, telecomunicacións, etc).

e) Elaborar o Plan de Emerxencia esixido pola Administración autonómica.

f) Responder da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para o concello ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

g) Dispor da organización técnica, económica e de persoal necesarios para a correcta execución do contrato, de acordo co disposto na normativa reguladora de servizos sociais aplicable.

Cando fose preciso, o concesionario procederá á substitución dos traballadores, garantindo a continuidade na prestación do servizo.

A incapacidade demostrada dalgún empregado poderá motivar, a requerimento do órgano de contratación, a súa substitución.

h) Adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais aos que se comprometeu segundo a "Memoria de xestión" presentada. Esta obriga terá a consideración de esencial.

i) Cumprir as disposicións establecidas no TRLCSP en materia de subcontratación.

k) Obter cantas licenzas e autorizacións administrativas sexan precisas para a prestación do servizo.



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

I) Contratar un seguro que cubra os riscos derivados de sinistros no centro e nas súas instalacións, especialmente os de incendio e roubo, e no que o Concello de Porto do Son terá a consideración de beneficiario.

Así mesmo, deberá subscribir un seguro de responsabilidade civil para cubrir os danos causados a terceiros como consecuencia da execución do contrato.

II) Presentar a conta de explotación do servizo antes do 1 de xuño do ano posterior ao peche de cada exercicio. En todo caso, a conta de explotación deberá calcular o beneficio do exercicio calculado como a porcentaxe do resultado neto de explotación entre os gastos de explotación, así como os resultados financeiro, antes de impostos e neto e a porcentaxe de resultado neto sobre os ingresos. Así mesmo, deberá facilitar os xustificantes dos custos salariais e sociais e aqueles outros que, en relación co contrato, lle sexan requiridos polo órgano de contratación.

m) Conservar en perfectas condicións os locais, instalacións, mobles e aparellos destinados á prestación do servizo, sendo da súa conta as reparacións necesarias para mantelos nun correcto estado de servizo. Ademais, deberá aboar os desperfectos existentes ao remate do contrato e que excedan da normal deterioración derivada dun uso coidadoso. En caso de incumprimento, o concello efectuará as reparacións ou reposicións precisas con cargo á garantía prestada polo contratista.

O Concello de Porto do Son poderá inspeccionar o estado de conservación das instalacións e aparellos para verificar a efectividade das operacións de mantemento.

n) Asumir o persoal contratado polo actual concesionario, detallado no anexo IV deste prego, subrogándose en todos os dereitos e obrigas que o mencionado persoal tivese recoñecidos.

ñ) Informar ao concello cando sexa requerido acerca do procedemento de execución do contrato e manter cantas xuntanzas estime convenientes o concello para este fin co persoal que designe. Ademais, o concello poderá realizar as inspeccións que xulgue oportunas para comprobar as condicións de prestación do servizo.

o) Recabar a autorización previa do concello para realizar obras nas instalacións destinadas á prestación do servizo público.

2.- Para o cumprimento do contrato o Concello de Porto do Son porá a disposición do contratista as instalacións do Centro de Día municipal sito no lugar da Aguiéira. Non obstante, o Concello de Porto do Son resérvase un dereito de uso preferente sobre a planta semisoto do inmoble cando o estime conveniente para o desenvolvemento de actividades de competencia municipal.

Para a realización do transporte de usuarios ao centro, o Concello de Porto do Son cederalle ao adxudicatario o uso dun vehículo adaptado para ese fin.

Ao remate do prazo da concesión o servizo reverterá ao concello, debendo o contratista entregar as instalacións e bens adscritos a aquel nun estado de conservación e funcionamento axeitados. Con este fin, un mes antes da finalización da vixencia do contrato os servizos municipais realizarán as comprobacións oportunas para que a entrega dos bens se verifique nas condicións previstas.

23) Risco e ventura na xestión do servizo.

O concesionario xestionará o servizo ao seu risco e ventura, e non terá dereito a indemnización polas perdas, avarías ou prexuízos ocasionados nos bens móbiles e inmóbiles, agás nos supostos previstos nestes pregos.

24) Cesión do contrato e subcontratación.

A cesión do contrato rexerase polo disposto nos arts. 226 e 227 TRLCSP e a subcontratación únicamente poderá recaer sobre prestacións de carácter accesorio.

25) Mantemento do equilibrio económico- financeiro da concesión.

1.- O Concello de Porto do Son, de conformidade co previsto nos arts. 282 TRLCSP e 127 do Regulamento de servizos das Corporacións Locais, obrégase a manter durante a vixencia do contrato o equilibrio económico- financeiro da concesión atendendo aos supostos económicos que foron considerados como básicos na adxudicación do contrato.

2.- Cando a porcentaxe do beneficio neto en relación aos ingresos derivado da xestión do servizo do Centro de Día de Porto do Son supere o 6 por 100, o concello terá dereito á percepción dun 20 por cen do importe que excede dese 6 por 100 de beneficio. O dito importe detraerase das contas que anualmente debe presentar o concesionario. Unha vez calculado o dito importe, o alcalde aprobará unha liquidación que se lle notificará ao concesionario. O seu pagamento poderá realizarse:

- Dentro do prazo de 2 meses desde a notificación da liquidación

- Cando o órgano de contratación faga uso do *ius variandi* no suposto previsto na cláusula 30.1 no suposto da obtención dun beneficio superior ao 6 por 100, o importe ao que teña dereito o concesionario polo restablecemento do equilibrio económico poderá compensarse, no importe coincidente, coa contía que deba aboar o contratista en aplicación desta cláusula. Se tras a compensación quedase algún importe a pagar ou a cobrar polo concello, deberá satisfacerse nun prazo de 2 meses desde o acordo de compensación.

3.- En calquera caso, deberá restablecerse o equilibrio económico do contrato en beneficio da parte que corresponda nos supostos consignados no art. 282.4 TRLCSP. Cando concorra algún deses supostos, o concello poderá adoptar medidas consistentes na modificación das tarifas a aboar polos usuarios, na redución do prazo do contrato e, en xeral, en calquera modificación das cláusulas de contido económico do contrato.

Nos supostos previstos nos apartados b) e c) do art. 282.4 TRLCSP, para o restablecemento do equilibrio económico do contrato, o concello poderá optar pola prórroga do contrato por un prazo máximo do 10 por cento da súa duración inicial, respectando en todo caso os límites máximos de duración previstos legalmente.

Os acordos que dite o concello respecto ao desenvolvemento do servizo e que carezan de transcendencia económica non xerarán dereito a indemnización para o contratista pola súa razón.

26) Pagamento da subvención ao prezo do servizo

O pagamento da subvención ao prezo do servizo farase efectivo por parte do concello por meses vencidos e servizos efectivamente prestados mediante a presentación da correspondente dentro do mes seguinte ao período facturado.

O dito importe calcularase como a diferenza entre o prezo unitario ofertado polo concesionario e a tarifa que perciba directamente dos usuarios. Así, deberase ter en conta a ocupación efectiva declarada, polo que a factura deberá achegar un anexo conformado polo/a director/a do centro de acordo modelo do anexo V.

A subvención por usuario ten por obxecto garantir o equilibrio económico da concesión, sen prexuízo do risco e ventura que debe asumir, en todo caso, o concesionario. En calquera caso, non procederá o seu pagamento cando o beneficio do contratista sexa superior ao 6% medido como a porcentaxe do resultado neto de explotación entre os gastos de explotación. A dita porcentaxe calcularase en base á conta de explotación que presente anualmente o concesionario. No caso de que o seu beneficio pola xestión do centro de día supere a dita



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

porcentaxe deberá reintegrar a subvención do exercicio correspondente ao concello, co límite de que esa minoración non poderá supor un beneficio inferior ao 6%.

A Alcaldía deberá aprobar, no caso de que proceda, o importe da subvención que debe reintegrarse e notificaráselle ao contratista. O importe total dividirase en 12 mensualidades que deduciranse da facturación mensual que presente o concesionario.

27) Lexislación laboral e social.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral, de prevención de riscos laborais e seguridade e hixiene no traballo e de Seguridade Social.

En ningún caso a adxudicación do contrato dará lugar ao nacemento dunha relación laboral entre o Concello de Porto do Son e o contratista ou o persoal ao seu servizo.

O persoal necesario para a execución do contrato dependerá exclusivamente do adxudicatario, o cal ostentará tódolos dereitos e obrigas inherentes á súa condición de emprendedor respecto deste, sendo o concello alleo ás referidas relacóns. En consecuencia, o persoal do contratista non poderá alegar fronte ao concello derecho ningún nin esixirlle calquera tipo de responsabilidade derivada das obrigas existentes entre contratista e persoal ao seu servizo, áinda como consecuencia de decisións dese baseadas no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

O contratista asumirá de forma directa, non séndolle trasladable ao concello, os custos derivados da mellora das condicións de traballo, incluídas as retribucións, do persoal ao seu servizo, sexan consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordos de calquera índole.

28) Responsabilidade por danos.

O contratista responderá por todos os danos e prexuízos ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados, coas salvidades establecidas na normativa aplicable.

Así mesmo, será responsable dos danos, deterioracións ou menoscabos causados aos bens de titularidade municipal durante a execución do contrato.

29) Prerrogativas da Administración.

Dentro dos límites e con suxección aos requisitos e efectos sinalados polo TRLCSP, o órgano de contratación terá as prerrogativas para interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento. Do mesmo xeito poderá, por razóns de interese público, modificar o contrato e acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Os acordos do órgano de contratación porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

30) Modificación do contrato.

1.- O Concello de Porto do Son poderá modificar, por razóns de interese público e se concorren as circunstancias previstas no Título V do Libro I, as características do servizo contratado e as tarifas que han de aboar os usuarios.

De xeito específico, o Concello de Porto do Son poderá modificar o contrato cando o beneficio do contratista sexa superior ao 6% medido como porcentaxe do resultado neto entre os ingresos do

servizo, a fin de mellorar a calidade ou intensidade das prestacións que constitúen o obxecto do contrato.

En calquera caso, esas modificacións serán obligatorias para o contratista.

2.- Cando as modificacións do contrato afecten ao réxime finaceiro do contrato, o concello deberá compensar ao contratista segundo o previsto no art. 282 TRLCSP.

Nos supostos nos que o Concello de Porto do Son deba restablecer o equilibrio económico do contrato, procederá consonte ao establecido no art. 282.5 TRLCSP.

3.- As modificacións do contrato que impliquen aumento do seu prezo conllevarán o reaxuste do importe da garantía definitiva na parte proporcional. A nova garantía deberá constituírse no prazo máximo de 15 días naturais a contar desde a notificación do acordo de modificación. Noutro caso, o concello poderá resolver o contrato.

4.- As modificacións do contrato tramitaranse de acordo co establecido no art. 211 TRLCSP e formalizaranse con arranxo ao establecido no art. 156 da mesma norma legal.

31) Suspensión do contrato.

O concello poderá suspender total ou parcialmente, con carácter provisional ou definitivo, a execución do contrato.

No caso de acordar a suspensión, levantarase acta consignando as circunstancias que a motivaron e o estado de execución do contrato.

32) Intervención do servizo. Caducidade da concesión.

1.- No caso de producirse incumplimentos do contratista que orixinen unha perturbación do servizo grave e non reparable por outros medios e o concello non decidise a resolución do contrato, poderá acordar a intervención do mesmo ata que aquela desapareza. O contratista deberá someterse ás decisións do/s interventor/es nomeados polo concello.

En caso de intervención, o concello encargarase directamente do servizo utilizando o mesmo material e persoal do concesionario, sen alterar as condicións da prestación do servizo. A explotación farase pola conta e risco do contratista e ao que, ao rematar a intervención, se lle entregará o saldo activo que resultase logo de satisfacer todos os gastos.

Así mesmo, o concesionario deberá aboar ao concello os danos e prexuízos que lle causase.

2.- O órgano de contratación poderá declarar a caducidade da concesión se, levantada a intervención, o contratista incorre de novo nas infraccións que motivaron aquela ou noutras similares.

Será tamén causa da declaración da caducidade da concesión o incumplimento polo contratista das súas obrigas esenciais.

A caducidade da concesión declararase logo dos trámites previstos no art. 137 do RSCL, e terá os efectos que nese precepto se describen.

33) Rescate da concesión.

Por razóns de interese público, o Concello de Porto do Son poderá acordar o rescate do servizo para xestionalo directamente.



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

34) Resolución do contrato.

1.- Son causas de resolución do contrato, ademais das previstas con carácter xeral no art. 223 TRLCSP e, para o contrato de xestión de servizos públicos, no art. 286 TRLCSP, as seguintes:

- a) A falla de capacidade de obrar ou de solvencia económica, financeira, técnica ou profesional, debidamente acreditada, do adxudicatario, o atoparse este incuso nalgúnha das prohibicións para contratar.
- b) A falla de reaxuste polo contratista da garantía definitiva, de ser o caso, no prazo e condicións previstas neste prego.
- c) A non formalización do contrato no prazo establecido para iso por causa imputable ao adxudicatario.
- d) As reiteradas deficiencias na execución do contrato ou a interrupción da súa execución, agás causa de forza maior. So terán a consideración de casos de forza maior os consignados no art. 231 TRLCSP.
- e) A obstrución ás facultades de dirección e inspección do concello, incluída a falla de colaboración necesaria para a efectividade daquelas facultades, logo de ser advertido o contratista.
- f) O incumprimento da obriga do contratista de gardar sixilo respecto dos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e dos que teña coñecemento durante a súa execución.
- g) A manifesta falta de calidade na prestación do servizo e a desatención e/ou trato deficiente aos usuarios do servizo.
- h) O incumprimento de posta a disposición para a execución do contrato dos medios humanos e recursos materiais ou técnicos comprometidos na "Memoria de xestión" presentada.
- i) A cesión a terceiros de dereitos e obrigas derivadas do contrato sen a previa autorización do órgano de contratación.
- j) A sanción firme por infracción grave ou moi grave cometida no centro en materia de servizos sociais.
- k) As restantes que se detallan neste prego e aqueloutras que se poidan establecer no documento de formalización.

2.- A resolución do contrato terá, con carácter xeral, os efectos que detallan o art. 225 TRLCSP e, para o contrato de xestión de servizos públicos, o art. 288 TRLCSP.

Non obstante, cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista, seralle incautada a garantía definitiva e, ademais, deberá indemnizar ao concello os danos e prexuízos que lle causara no que exceda da garantía incautada.

A resolución do contrato daralle dereito ao contratista a percibir o prezo dos traballos efectivamente realizados con arranxo ao contrato.

3.- Cando se resolva o contrato, o concello terá a facultade de adxudicar a realización dos traballos pendentes de executar ao licitador ou licitadores seguintes, por orde de puntuación obtida na valoración das súas propostas, ao que resultou adxudicatario antes de proceder a unha nova licitación.

35) Devolución da garantía definitiva.

Cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato e, prestada a conformidade polo órgano de contratación, non resultando responsabilidades que deban facerse efectivas sobre a garantía definitiva, procederase á súa devolución e cancelación no prazo de tres meses desde o remate do contrato.

36) Penalidades administrativas.

Cando o contratista por causas que lle fosen imputables incorrese en demora ou incumprise o contrato, o órgano de contratación poderá optar, indistintamente, por resolver o contrato ou impor penalidades nos termos e contías previstos no art. 212 TRLCSP.

A constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa por parte da Administración.

As penalidades faranse efectivas mediante dedución nas cantidades que, en concepto de pago parcial ou total, deban aboarse ao contratista ou, de non ser posible, sobre a garantía definitiva. Neste derradeiro caso, o contratista virá obrigado a completala no prazo de quince días hábiles seguintes á notificación do acordo de imposición da pena. A imposición de penalidades non exclúe a indemnización a que poida ter dereito a Administración polos danos e prexuízos ocasionados polo atraso imputable ao contratista.

37) Réxime sancionador por incumprimento do contrato.

1.- A efectos contractuais, terá a consideración de "infracción" ao mesmo toda acción ou omisión imputable ao contratista que supoña un quebranto das esixencias específicas do contrato. A comisión das infraccións contractuais dará lugar á imposición das sancións tipificadas nesta cláusula, sen prexuízo do disposto neste prego respecto da intervención do servizo, a resolución ou a declaración de caducidade da concesión.

2.- As infraccións clasifícanse en "moi graves", "graves" e "leves", de acordo coa tipificación que se detalla:

a) Infraccións moi graves:

- O incumprimento das condicións de prestación do servizo especificadas na normativa de servizos sociais, nos pregos de cláusulas administrativas ou prescripcións técnicas particulares, no contrato ou na oferta do contratista que teñan consecuencias prexudiciais graves na prestación do servizo aos usuarios.
- O incumprimento da normativa en materia laboral, da Seguridade Social e de prevención de riscos laborais.
- O cobro de tarifas superiores ás fixadas polo órgano de contratación.
- A cesión, arrendamento ou traspaso da totalidade ou parte do servizo, baixo calquera modalidade, sen a previa autorización municipal.
- A interrupción na prestación do servizo durante máis dunha xornada sen causa xustificada.
- O incumprimento da obriga de manter nun correcto estado de uso e conservación os bens e instalacións adscritos ao servizo, logo de ser requerido para iso polo concello, e logo de transcorrer máis dun mes sen atender o requerimento efectuado.
- O incumprimento reiterado das ordes do concello relativas á prestación do servizo.
- A falsidade da información que, consonte ao previsto neste prego, debe subministrarse ao concello.



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

- O incumprimento das normas e/ou resolucións administrativas emanadas das autoridades sanitarias.
- A falla de contratación ou renovación das pólizas de seguro que debe contratar o concesionario.
- A comisión de tres ou máis infraccións graves nun período de seis meses.
- O maltrato aos usuarios do centro diúrno de apoio á dependenza.

b) Infraccións graves:

- O incumprimento da obriga de mantermento e conservación dos bens e instalacións adscritos á prestación do servizo cando non sexa constitutivo de infracción moi grave.
- O incumprimento das condicións de prestación do servizo especificadas na normativa de servizos sociais, nos pregos de cláusulas administrativas ou prescricións técnicas particulares, no contrato ou na oferta do contratista cando non sexa constitutivo de infracción moi grave.
- A obstrución aos labores de control e fiscalización do servizo atribuídas ao concello.
- O incumprimento das obrigas de subministrar a información contempladas neste prego.
- A falla ou insuficiencia de limpeza no centro de día cando non deba cualificarse como infracción moi grave.
- A comisión de dúas ou máis faltas leves nun período de seis meses.

c) Infraccións leves:

- Os incumprimentos das obrigas contractuais cando non teñan a consideración de infraccións moi graves ou graves.

3.- As infraccións nas que incorrese o concesionario serán obxecto das seguintes sancións:

- a) Infraccións moi graves: multa de entre 3.001 euros e 6.000 euros ou resolución da concesión.
- b) Infraccións graves: multa de entre 1.501 euros e 3.000 euros.
- c) Infraccións leves: multa de ata 1.500 euros.

4.- As sancións imporanse polo órgano de contratación logo da tramitación do correspondente expediente, con arranxo ao procedemento previsto no RD 1398/1993, do 4 de agosto, Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora.

38) Régime xurídico.

O presente contrato ten carácter administrativo e rexerase, sen prexuízo do disposto para a contratación polas Corporacións Locais, polo disposto no RD Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, no RD 817/2009, do 8 de maio, que desenvolve parcialmente a LCSP, no RD 1098/2001, do 12 de outubro, aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas no que estea vixente e pola demais normativa de contratación administrativa.

Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

39) Xurisdicción.

As cuestiós litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de contratación e os seus acordos porán fin á vía administrativa e contra estes haberá lugar a recurso contencioso- administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora da devandita xurisdicción, previa interposición, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes.

ANEXO I

PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO CENTRO DE DÍA DE PORTO DO SON.

1.- Obxecto.

Este prego de prescripcións técnicas particulares ten por obxecto describir as condicións técnicas e de medios persoais e materiais que debe asumir e desenvolver o adxudicatario da xestión do Centro diúrno de apoio á dependencia de Porto do Son.

2.- Prazo do contrato.

O contrato terá un prazo de duración de catro (4) anos, a contar desde o día seguinte ao de formalización do contrato, sen posibilidade de prórroga.

3.- Definición do servizo.


Os servizo público que é obxecto de licitación consiste na xestión do centro diúrno de apoio á dependencia municipal, entendendo por tal a instalación destinada a servir de vivenda temporal ás persoas maiores e nas que se lles presta unha atención integral.

4.- Usuarios do servizo.

1.- Poderán ser beneficiarios do servizo as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de 65 anos no momento de solicitar o ingreso no centro.
- b) Os menores de 65 anos poderán ser usuarios do servizo nalgún dos seguintes supostos:
 - Cando lles fose diagnosticada algún tipo de demencia.
 - Cando sexan discapacitados que convivisen cos seus pais ou cuidadores e estes ingresasen no centro e sempre que se considere o recurso máis axeitado.

2.- En calquera caso, os posibles usuarios non poderán padecer enfermidades infectocontaxiosas activas, enfermidades crónicas en estado terminal, doenças que requiran atención hospitalaria permanente ou trastornos graves da conduta que poidan alterar a normal convivencia do centro.





CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

5.- Condicóns para a prestación do servizo.

- 1.- Para a prestación do servizo, o Concello de Porto do Son pon a disposición do concesionario o edificio construído para tal fin no lugar da Aguiéira (Noal), o equipamento que se describe no inventario anexo a este prego e un vehículo para o transporte de 9 prazas.
- 2.- O Centro de día de Porto do Son ten capacidade para 40 prazas. O seu espazo organízase nas catro zonas que se definen a continuación:
 - a) Dirección- administración: comprende os espazos destinados á recepción de usuarios e á dirección, administración e xestión do centro.
 - b) Área de estancia: comprende os espazos destinados á manutención, hixiene e convivencia dos usuarios.
 - c) Área de actividades: comprende os espazos habilitados para a realización de actividades de diversa índole, tales como o ximnasio ou a sala de lectura.
 - d) Área de servizos xerais: comprende os espazos dedicados para a prestación dos servizos comúns do centro, como a cociña, a lavandería, as despensas ou os vestiarios.
- 3.- O servizo prestarase de luns a venres e o horario de atención aos usuarios comprenderá desde as 09:00 horas ata as 19:00 horas.

6.- Servizos que han de prestarse no Centro de día.

O concesionario deberá prestar os seguintes servizos:

- a) Aloxamento: comprende o uso das áreas de estancia e actividades e a manutención.
- b) Coidado persoal: comprende a asistencia necesaria para a realización das actividades elementais da vida diaria, así como aquelas actividades encamiñadas á protección e salvagarda da integridade persoal dos usuarios que o precisen.
- c) Atención xeriátrica e rehabilitadora: refírese ás actuacións propias da medicina preventiva e asistencial, programas de rehabilitación menor e terapia ocupacional, sen prexuízo da utilización, no seu caso, dos servizos sanitarios do sistema de saúde ao que estea acollido o usuario.
- d) Atención psicosocial: consiste na valoración psicosocial dos residentes, tratamiento psicolóxico individual ou de grupo, promoción da participación, animación sociocultural e relacións coa familia dos usuarios.
- e) No caso dos usuarios asistidos deberá atenderse a todas as súas necesidades básicas e ás específicas da súa propia situación.
- f) Deberán programarse actividades culturais, ocupacionais e recreativas.
- g) Transporte dos usuarios ao centro e devolución aos seus domicilios.

O xestor deberá dispor os medios necesarios opara a adaptación funcional do centro e máis dos programas que nel deban desenvolverse ás condicións dos usuarios

7.- Descripción dos servizos.

1.- Manutención.

Os menús deberán estar supervisados por un médico, coa finalidade de garantir unha dieta equilibrada.

As comidas serviranse no comedor e deberá prestarse aos usuarios que non poidan alimentarse por si mesmos a axuda persoal necesaria, empregando os medios técnicos precisos.

2.- Coidado persoal.

Deberá prestarse a axuda necesaria aos usuarios con autonomía limitada para o aseo diario, vestido, alimentación e mobilidade.

O material de incontinencia para os residentes será aportado polo concesionario, ben con cargo ao sistema de saúde ao que estean acollidos os usuarios, ben á súa custa.

O centro deberá efectuar o traslado e acompañamento dos usuarios a centros sanitarios, sen prexuízo de empregar os recursos do sistema de saúde que corresponda e recabar a colaboración de familiares e achegados, no seu caso.

3.- Atención xeriátrica e rehabilitadora.

Realizarase un seguimento personalizado que recolla os diagnósticos, informes, tratamentos prescritos e demais incidencias relevantes para a saúde e benestar dos usuarios.

4.- Atención psicosocial.

Con motivo do ingreso dos residentes deberá realizarse unha avaliación interdisciplinar, a resultas da cal se elaborará un programa de atención individual cuxa finalidade será previr a deterioración persoal, así como o desenvolvemento e manteremento da saúde, a autonomía, capacidades e a integración do usuario no centro e no entorno.

O concesionario deberá elaborar un programa anual de actividades de animación sociocultural para os usuarios do centro e facilitarles información e a participación nas actividades socio-culturais promovidas por entidades públicas ou privadas. Ademais, porá á súa disposición material de lectura, xogos e outros útiles necesarios para a ocupación do tempo libre, sempre adaptados ás características persoais dos usuarios.

Desde o centro de día facilitarase a participación das familias dos usuarios nas súas actividades. Así mesmo, facilitaráselle información e asesoramento en relación cos usuarios.

5.- Control e protección.

Nas instalacións do centro os usuarios disporán de liberdade de movementos, sen prexuízo de establecer os mecanismos de protección necesarios cando polas condicións psicofísicas dos usuarios se poidan prever situacións de risco para a súa integridade persoal.

6.- Transporte de usuarios.

O concesionario deberá trasladar aos usuarios que contraten esta prestación desde os seus domicilios ou punto de recollida previamente fixado ao centro de día e viceversa.

Para o transporte de usuarios o Concello de Porto do Son pon a disposición do adxudicatario o vehículo adaptado de titularidade municipal adscrito á prestación do servizo, sen prexuízo de que, á súa custa, o adxudicatario decida empregar outro diferente.

O transporte de usuarios levarase a cabo sempre coa asistencia dun coidador.

9.- Persoal.

1.- Para a execución do contrato o concesionario disporá do persoal previsto no Decreto 245/2011, do 23 de decembro, na Orde do 18 de abril de 1996, pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, na Orde do 13 de abril de 2007, pola que se modifica a do 18 de abril de 1996, e na Orde do 20 de xullo de 2010, pola que se modifica a do 18 de abril de 1996, sen prexuízo da obriga de adaptación ás novas normas que se diten.

2.- O concesionario deberá designar un responsable do centro que asumirá as funcións de relación directa e interlocución co Concello de Porto do Son.



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfn: 981-867412
Fax: 981-767358

10.- Prezos unitarios de licitación.

Os prezos unitarios base de licitación son os seguintes:

- a) Estancia a xornada completa (50 horas semanais): 750,00 euros/mes, IVE incluído.
- b) Estancia a media xornada (25 horas semanais): 375 euros/ mes, IVE incluído.
- c) Estancia inferior a media xornada: 3,85 euros/ hora, IVE incluído.
- d) Manutención: 150,00 euros/ mes, IVE incluído.
- e) Transporte de longo percorrido: 151 euros/ mes, IVE incluído.
- f) Transporte de curto percorrido: 118 euros/ mes, IVE incluído.

Ten a consideración de "transporte de curto percorrido" o que se desenvolve no termo municipal de Porto do Son, sendo o "transporte de longo percorrido" o que se desenvolve fóra dos límites municipais.

2.- A modificación dos prezos unitarios require da súa previa aprobación polo órgano de contratación.

11.- Tarifas dos usuarios.

1.- Na prestación dos servizos obxecto do contrato aplicaranse as seguintes tarifas para o ano 2013 que os usuarios aboaranlle directamente ao concesionarios

- a) Estancia a xornada completa (50 horas semanais): 535,00 euros/mes, IVE incluído.
- b) Estancia a media xornada (25 horas semanais): 315,00 euros/ mes, IVE incluído.
- c) Estancia inferior a media xornada: 3,20 euros/ hora, IVE incluído.
- d) Manutención: 125,00 euros/ mes, IVE incluído.
- e) Transporte de longo percorrido: 126,00 euros/ mes, IVE incluído.
- f) Transporte de curto percorrido: 99,00 euros/ mes, IVE incluído.

2.- O concesionario non poderá facturar aos usuarios cantidade adicional ningunha pola prestación dos servizos obxecto do contrato.

3.- Polos servizos prestados aos usuarios o contratista expedirá a correspondente factura, cuxa copia quedará arquivada no departamento de Dirección- administración do centro.

4.- O órgano de contratación poderá revisar anualmente as tarifas pola prestación do servizo en función do resultado económico da concesión e da evolución da demanda do servizo.

12.- Xestión de usuarios.

1.- Con carácter previo á admisión de usuarios, o contratista deberá subscribir o correspondente contrato con aqueles.

2.- O concesionario deberá levar un rexistro actualizado dos usuarios, no que constarán os datos identificativos e a atención prestada a cada un deles.

13.- Réxime interior.

1.- O concesionario deberá elaborar o regulamento de réxime interno do centro de día e presentalo para a súa aprobación polo Concello de Porto do Son no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao de formalización do contrato.

Nesta norma deberán regularse, en todo caso, a organización e funcións do centro, as normas de admisión de usuarios, os dereitos e deberes destes e os mecanismos de participación dos usuarios e das súas familias no funcionamento do centro. En calquera caso, deberase garantir o respecto aos dereitos legalmente recoñecidos aos usuarios.

O xestor do centro deberá facilitarlle aos usuarios copia do regulamento de réxime interior.

2.- O centro terá a disposición dos usuarios follas de reclamación axustadas á normativa en materia de consumo.

Así mesmo, establecerá os medios precisos para a recollida de suxestións.

Tanto das follas de reclamación como das suxestións presentadas o concesionario deberá gardar copia para os efectos do seu coñecemento polo concello.

14.- Plan de evacuación e emerxencias.

O concesionario deberá elaborar un plan de evacuación e emerxencia do centro nun prazo máximo de trinta minutos, e que será coñecido polo persoal do centro e máis polos usuarios. Este plan articularase, entre outras medidas, mediante gráficos coas vías de evacuación desde cada dependencia marcadas, así como sinalizando debidamente todas as vías de evacuación.

15.- Manteremento e conservación das instalacións e dos bens.

O concesionario asume a obriga de manter, conservar e reparar o edificio, instalacións, mobles e vehículos destinados á prestación do servizo, a fin de mantelos nun correcto estado de uso.

16.- Condicións de hixiene e salubridade.

O concesionario, sen prexuízo do cumprimento da normativa vixente en materia de sanidade e hixiene, garantirá de xeito especial:

- a) A limpeza xeral e permanente do edificio, especialmente das dependencias de uso máis intenso, así como a súa desinfección.
- b) A desinsectación e desratización das instalacións cunha periodicidade mínima anual e sen prexuízo de que o demanden as circunstancias.
- c) A limpeza e desinfección da vaixela e cubertería, así como doutros elementos de uso común.

O persoal do centro deberá cumplir as directrices e procedementos que en materia de hixiene e salubridade ten que fixar o concesionario.

17.- Seguros.

O concesionario deberá subscribir os seguintes contratos de seguro:

- a) Un seguro de danos que cubra os riscos de sinistros no centro e nas súas instalacións. Para estes efectos, fixase a valoración do edificio en 665.860,00 euros e do seu contido en 216.990,00 euros.
- b) Un seguro de responsabilidade civil que cubra os danos a terceiros terceiros derivados da prestación do servizo.
- c) O seguro obligatorio de circulación do vehículo destinado ao transporte dos usuarios.

No caso do seguro de danos o Concello de Porto do Son deberá ter na póliza contratada a consideración de beneficiario.



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

18.- Obriga de información.

1.- O concesionario está obrigado da facilitarlle ao Concello de Porto do Son toda a información relativa ao servizo que lle solicite. Así mesmo, comunicaralle cantas incidencias relevantes para o servizo acontezan.

Tamén ten a obriga o concesionario de permitir as actividades de control e inspección que requira levar a cabo o concello, previa comunicación.

2.- Sen prexuízo das anteriores obrigas, o concesionario deberá remitir ao concello a conta de perdas e ganancias do servizo antes do 1 de xuño do ano posterior ao exercicio a que se refira, indicando o resultado de explotación, financeiro, antes de impostos, neto, a porcentaxe do resultado neto sobre o total de ingresos así como a porcentaxe do resultado neto de explotación entre os gastos de explotación.

No mesmo prazo, e referido tamén ao ano anterior, deberá remitir un informe- memoria do servizo no que se detallen, entre outros, o desenvolvemento dos servizos a prestar aos usuarios, con especial referencia ás incidencias que acontecesen, as variacións no número de usuarios, as incidencias acontecidas en relación co persoal do centro, aqueloutras cuestións que se xulguen de interese para a mellora do servizo.

19.- Réxime contable.

O concesionario deberá adaptarse ao réxime contable que legalmente lle sexa de aplicación, sen prexuízo de atender ás indicacións do Concello de Porto do Son ou da Xunta de Galicia.

20.- Posta en funcionamento.

O prazo máximo para a posta en funcionamento do centro de día fixase en sete (7) días, a contar desde o seguinte ao de formalización do contrato.

ANEXO II

PRESENTACIÓN DO LICITADOR.

D./D^a con DNI....., en nome propio ou en representación da empresa "....." no procedemento de adxudicación do contrato administrativo de xestión do servizo público "**Centro de día de Porto do Son**" declara de xeito responsable:

1º.- Que coñece e acepta, de maneira íntegra e expresa, os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas particulares que rexen o contrato citado.

2º.- Que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos nas prohibicións de contratar coa Administración establecidas nos arts. 60 e 146.1 c) do TRLCSP e non forman parte dos órganos de goberno ou administración da empresa ningún alto cargo daqueles aos que se refire a Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación de conflitos de intereses dos membros do Goberno da Nación e dos altos cargos da Administración Xeral do Estado, así como da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das

Administracións Públicas ou tratarse de calquera dos cargos electivos previstos na Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

3º.- Que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4º.- Que autoriza ao Concello de Porto do Son a cesión de información relativa a obrigas tributarias e coa Seguridade Social en procedementos de contratación.

- Enderezo para notificacións:
- Número de teléfono:
- Número de fax:

(Lugar, data e sinatura do propoñente).

ANEXO III

MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

D./D^a con DNI....., en nome propio ou en representación da empresa "....." á que representa no procedemento de adxudicación do contrato administrativo de xestión do servizo público "Centro de día de Porto do Son", comprométese a executar o contrato de acordo cos seguintes prezos unitarios:

a) Estancia a xornada completa:

- Prezo sen IVE (en número e letra): euros/hora.
- IVE (en número e letra): euros.
- Prezo total (en número e letra): euros/ hora.

b) Estancia a media xornada:

- Prezo sen IVE (en número e letra): euros.
- IVE (en número e letra): euros.
- Prezo total (en número e letra): euros.

c) Estancia inferior a media xornada:

- Prezo sen IVE (en número e letra): euros.
- IVE (en número e letra): euros.
- Prezo total (en número e letra): euros.

d) Manutención:

- Prezo sen IVE (en número e letra): euros.
- IVE (en número e letra): euros.
- Prezo total (en número e letra): euros.



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

e) Transporte de longo percorrido:

- Prezo sen IVE (en número e letra): euros.
- IVE (en número e letra): euros.
- Prezo total (en número e letra): euros.

f) Transporte de curto percorrido:

- Prezo sen IVE (en número e letra): euros.
- IVE (en número e letra): euros.
- Prezo total (en número e letra): euros.

(Lugar, data e sinatura do propoñente).

ANEXO IV

RELACIÓN DE PERSOAL A SUBROGAR POL ADXUDICATARIO.

POSTO	CONTRATO	TIPO DE XORNADA	HORAS SEMANAIS
Asistente dirección	Duración determinada	Completa	40 horas
Auxiliar enfermería	Duración determinada	Completa	40 horas
Auxiliar enfermería	Duración determinada	Completa	40 horas
Fisioterapeuta	Duración determinada	Parcial	7,5 horas
Psicóloga	Duración determinada	Parcial	2,5 horas
Condutora	Duración determinada	Completa	40 horas

ANEXO V

MODELO DE RELACIÓN DE ESTANCIAS MENSUAIS

CENTRO DE DÍA DE PORTO DO SON

MES:

ANO:

Selo e sinatura:

As do O/a director/a do centro

DILIXENCIA: esténdoa eu, o secretario, para facer constar que estes Pregos de cláusulas administrativas e prescripcións técnicas particulares foron aprobados polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria que tivo lugar o 09/05/2013.

Porto do Son, 09/05/2013.

O secretário.

**ASOCIACIÓN DEPORTIVA
PORTO DO SON**



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

RELACIÓN DE TRABALLADORES QUE PRESTAN SERVIZOS NO CENTRO DE DÍA DE PORTO DO SON.

CATEGORÍA PROFESIONAL	TIPO DE CONTRATO	ANTIGÜEDADE	HORAS SEMANA	BASE COTIZACIÓN
Técnico superior (asistente de dirección)	Temporal	23/01/2013	40 horas.	1.699,60 euros.
Auxiliar enfermería	Temporal	14/01/2013	40 horas.	1.119,85 euros.
Auxiliar enfermería	Temporal	14/01/2013	40 horas.	1.119,85 euros.
Fisioterapeuta	Temporal	15/02/2013	7,5 horas.	343,23 euros.
Psicóloga	Temporal	15/03/2013	2,5 horas.	140,78 euros.
Condutora	Temporal	14/01/2013	40 horas.	1.119,85 euros.





CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

Retribucións do persoal: segundo as táboas salariais do ano 2013 do Convenio colectivo de residencias privadas de terceira idade (DOG nº 66 do 05/04/2013).

Categorías profesionais	Salario base	Complemento asistencia	Complemento domingos	Festivos especiais
Grupo A				
Administrador/a	1.675,08 €	71,05 €	8,54 €	33,28 €
Xerente, director/a	1.675,08 €	71,05 €	8,54 €	33,28 €
Médico	1.395,90 €	71,05 €	8,54 €	33,28 €
Técnico superior	1.395,90 €	71,05 €	8,54 €	33,28 €
Grupo B				
Supervisor, socio asistencial	1.116,67 €	71,05 €	8,54 €	33,28 €
ATS/DUE	1.116,67 €	71,05 €	8,54 €	33,28 €
Traballador/a social	1.116,67 €	71,05 €	8,54 €	33,28 €
Fisioterapeuta	1.116,67 €	71,05 €	8,54 €	33,28 €
Terapeuta ocupacional	1.116,67 €	71,05 €	8,54 €	33,28 €
Titulado/a	1.116,67 €	71,05 €	8,54 €	33,28 €
Grupo C				
Gobernante/a	898,97 €	71,05 €	8,54 €	33,28 €
Oficial de mantemento	898,97 €	71,05 €	8,54 €	33,28 €
Oficial administrativo	898,97 €	71,05 €	8,54 €	33,28 €
TASOC	898,97 €	71,05 €	8,54 €	33,28 €
Condutor/a	898,97 €	71,05 €	8,54 €	33,28 €
Xardineiro/a	898,97 €	71,05 €	8,54 €	33,28 €
Grupo D				
Xerocultor/a-auxiliar enfermaría	898,97 €	71,05 €	8,54 €	33,28 €
Cociñeiro/a	882,19 €	71,05 €	8,54 €	33,28 €
Auxiliar de mantemento	882,19 €	71,05 €	8,54 €	33,28 €
Auxiliar administrativo	882,19 €	71,05 €	8,54 €	33,28 €
Camareiro/a de planta	882,19 €	71,05 €	8,54 €	33,28 €
Animador/a sociocultural	882,19 €	71,05 €	8,54 €	33,28 €
Porteiro/a de recepción	882,19 €	71,05 €	8,54 €	33,28 €
Grupo E				
Lavand./pasador/a de ferro	818,83 €	71,05 €	8,54 €	33,28 €
Auxiliar de cociña	818,83 €	71,05 €	8,54 €	33,28 €
Limpador/a	818,83 €	71,05 €	8,54 €	33,28 €
Persoal non cualificado	818,83 €	71,05 €	8,54 €	33,28 €



